

COREGAL é un centro especial de emprego pertencente a COGAMI Empresarial que impulsa a integración social das persoas con discapacidade a través do emprego. A súa actividade principal é a xestión integral de residuos, reciclaxe e valorización de residuos sólidos urbanos e industriais, co fin de reincorporar ao ciclo de consumo o máximo de materiais posibles e minimizar o depósito en vertedoiro, reducindo así, o seu impacto ambiental.

A organización comprométese a conducir as súas actividades, instalacións, servizos e produtos cara a excelencia para ser competitivos dentro do sector, cumprindo os requisitos e necesidades dos seus clientes e sociedade en xeral.

A alta dirección asume a responsabilidade de seguir mantendo e actualizando o Sistema Integrado de Xestión, comprometéndose a:



SEGURIDADE E SAÚDE

Proporcionar condicións de traballo seguras e saudables para a prevención de danos e deterioro da saúde das persoas traballadoras.



O CLIENTE, NO CENTRO

Promover un enfoque ao cliente para coñecer as súas necesidades e cumprir cos seus requisitos, así como a satisfacción das partes interesadas pertinentes.



INCLUSIÓN SOCIAL A TRAVÉS DO EMPREGO

Contribuír á inclusión social das persoas con discapacidade a través do emprego. As persoas traballadoras reciben formación e capacitación para un eficaz desempeño do seu traballo.



SOSTIBILIDADE E MEDIO AMBIENTE

Ser responsables e sostibles co medio ambiente asumindo unha xestión de Residuo Cero a vertedoiro mediante un sistema de control e seguimento dos residuos que xera dirixido a garantir a efectiva valorización dos mesmos e minimizando o seu depósito en vertedoiro.



CUMPRIMENTO LEXISLATIVO

Cumprir cos requisitos legais e regulamentarios que lle apliquen, así como outros aos que se someta de xeito voluntario.



CALIDADE NOS PROCESOS

Formar e capacitar a tódalas persoas traballadoras para que sexan conscientes das súas responsabilidades respecto á calidade dos procesos dos que forman parte.



SISTEMA INTEGRADO DE XESTIÓN

Desenvolver, liderar e promover unha cultura que apoie e contribúa á eficacia do Sistema Integrado de Xestión.



MELLORA CONTINUA

Facer seguimento anual dos obxectivos asociados aos procesos chave mediante a integración da xestión de riscos e oportunidades, prever e reducir efectos non desexados, produtos e servizos non conformes e lograr así a mellora continua, asegurando a sostibilidade e futuro da empresa.

Antonio Pena Seijo
Xerente